

Serafín Alonso Pintos (2002): *Para unha historia do estándar galego. As propostas do período 1966-1980*. Universidad Nacional de Educación a Distancia: Madrid.

Desde mediados do século pasado, época en que se abre o proceso de recuperación cultural en Galicia arredor do grupo Galaxia, moitos foron os esforzos por fixar unha escrita estándar para o idioma galego. Mentres o número de publicacións aumentaba, medraba tamén a necesidade por posuír un código ortográfico que unificase e rematase coas diferenzas entre os diversos criterios que na época había para algunhas solucións morfolóxicas e ortográficas da nosa escrita.

A codificación da lingua galega tomou un cariz relevante dentro dos nosos intelectuais, pois a estreita cañela de liberdades que abría este período do franquismo supuxo un aumento na produción literaria e ensaística de textos en galego. Así pois, a necesidade por posuír un código escrito unificado fíxose inminente e, inda máis inminente co novo marco legal a nivel estatal que se abre durante o período da transición democrática.

Este novo marco legal permitía a introdución da lingua e da literatura galega no ensino regrado (ademais doutras materias: ciencias sociais e naturais, p.ex.), polo que houbo que poñer en marcha un importante corpus lingüístico unificado de carácter prescriptivo, fundamentalmente ortográfico e morfolóxico, para facilitar a aprendizaxe da lingua galega.

*Para unha historia do estándar galego...* analiza o diálogo sobre a codificación ortográfica do galego que se producía entre o ano 1966, data da 1ª edición da *Gramática elemental del gallego común* de Ricardo Carballo Calero, e o ano 1980, en que se chega ós primeiros acordos normativos e en que comezan a aparecer con forza as tentativas reintegracionistas, coas súas diferentes variedades.

O ensaio comeza cun amplo estudo introdutorio en que se tratan as diferenzas entre lingua oral e lingua escrita, e repásanse os principais sistemas de escritura e a súa funcionalidade desde unha perspectiva sociolingüística: Serafín Alonso Pintos sostén, e con bastante certeza, que o código escrito, coma calquera outro código, ten que verse útil dentro dunha determinada comunidade para que sexa efectiva a súa socialización. Esta socialización dependerá do grao de aceptación que teña a elaboración do código, o que vai gardar estreita relación coas crenzas e actitudes sociais existentes dentro da comunidade lingüística a que vai destinado.

A seguir, e dentro deste primeiro bloque teórico, revísase o concepto de norma en relación co concepto de lingua e co de estándar, desentrañando algúns dos prexuízos existentes sobre esta e a súa relación coas demais variedades. De aquí tírase a conclusión de que a elaboración dun estándar lingüístico debe gardar a máxima adecuación coa norma intrínseca da lingua, ademais de ter en conta as representacións sociolingüísticas dos falantes derivadas dos condicionamentos sociolingüísticos, pois serán determinantes na súa aceptación. Faise unha análise especial para o caso galego, en comparanza con procesos de codificación ortográfica doutras linguas románicas.

Logo, o autor describe con precisión as tentativas de promoción e o estudo do galego durante as épocas dos anos 60 e 70. Trátase dunha época de especial efervescencia en Galicia pois comezaba a ser visible o asociacionismo cultural en defensa da cultura galega, que tivo un papel activo na defensa e na promoción do uso do galego. Pero é coa creación do Instituto da Lingua Galega no ano 1970 cando se comezan a impartir os primeiros cursos de galego e a elaborar os primeiros manuais para a aprendizaxe do galego: *Galego 1, 2, 3*, foi o primeiro “estudo” de certo rigor (era un manual de aprendizaxe), pois achegaba unha concepción do galego escrito bastante apegada á oralidade e intentaba superar as breves pautas ortográficas e morfolóxicas elaboradas pola Real Academia Galega entre os anos 70 e 71.

É neste contexto onde van aparecer os ensaios máis importantes que definirían *a posteriori* o que serán as principais liñas para a elaboración dun estándar da lingua galega. Alonso Pintos comeza a súa análise no ano 66, ano en que se publica a primeira edición da *Gramática elemental del gallego común* de Carballo Calero, obra cunha forte vontade prescritiva, mais cunha certa inclinación por un modelo de galego demasiado cinguido á lingua literaria dos/as grandes autores/as da época. A través desta obra, Alonso Pintos, irá reflectindo os cambios de posicionamento de Carballo Calero respecto da elaboración do estándar.

Pouco tempo despois, a RAG presenta unhas breves normas ortográficas con algúns apuntamentos de tipo morfolóxico que, a pesar da súa escasa amplitude, foron das de máis fortuna na época. Anos despois, aparece *Galego 1, 2, 3*, e nos anos seguintes desenvolveuse a corrente reintegracionista que concibía o portugués como a variante culta do galego. Deste xeito, prodúcese un ambiente de debate para dilucidar como debe ser o estándar do galego, polo que se inician unha serie de reunións e seminarios para elaborar unha normativa unificada que derivase dun consenso xeral entre as diferentes posturas dos distintos axentes implicados: nacen así as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego*, no ano 77.

Coa proposta das *Bases* o debate sobre o proceso de estandarización semellaba practicamente fechado, mais a partir de aquí acentúanse as diferenzas nun clima de tensión normativa no que se suceden os ensaios normativos para defender as diferentes posicións e medran singularmente as propostas reintegracionistas, con diferentes modalidades, pero sempre co portugués como referencia estándar.

O ensaio de Serafín Alonso Pintos é unha achega importante para a historia do galego escrito, xa que supón un estudo rigoroso e descritivo sobre o clima de debate vivido durante o proceso de estandarización do idioma galego durante o período preestatutario, nunha época tan importante para o galego, pois comezaba a gañar novos campos de uso (introducíase no sistema educativo, p. ex., sector crucial para a difusión do estándar ortográfico).

Nel descríbense e avalíanse as diferentes posicións que sobre a codificación do galego xurdiron durante esta época, e podemos ver como, despois dun primeiro intento de consenso que tendía á unificación do idioma, se produce unha radicalización das posturas sobre a elaboración do estándar escrito, nada difícil de predicir, pois as posicións contrapostas partían de bases teóricas ben diferentes e pretendían obxectivos ben distintos, polo que, visto como nolo describe Serafín Alonso Pintos, é normal que as conclusións sobre o proceso de elaboración do estándar foran variadas e difíciles de conciliar.

O debate que se describe na obra non foi máis cá xénese do debate ortográfico que cubriría as últimas dúas décadas do século XX, e que concentrou os esforzos e as enerxías dos (socio)lingüistas e das institucións con poder de intervención na planificación do corpus, algo nada positivo para un galego en fase de extensión de ámbitos de uso, que vía como ía perdendo falantes iniciais.

Quizais, tamén, un estudo coma este nos axude a ver que a ortografía ten un gran valor simbólico dentro dunha determinada comunidade lingüística, polo que as modificacións ou orientacións prescritivas irán sempre, e ineludiblemente, orientadas a gañar un maior consenso social (de teóricos, planificadores, produtores de texto, docentes..., e usuarios) que reforce ese valor. Toda modificación que sexa gratuíta e que teña representacións sociolingüísticas que provoque actitudes adversas nos usuarios da lingua cara ó código, sería negativa para o propio idioma, xa que non satisfaría ós verdadeiros usuarios: os produtores de textos, orais e escritos. Pola contra, as modificacións que tendan a cubrir as novas necesidades e demandas dos usuarios incrementaría as potencialidades de uso do novo código.

En resumo, malia os pequenos erros de edición que empecen a lectura, estamos diante dun fantástico estudo sobre a historia do galego escrito, que deita bastante luz para comprender o que é e por qué se produce un debate ortográfico e, en especial, a xénese dun debate ortográfico do galego que se vén producindo desde hai aproximadamente trinta anos e que chega ata os nosos días. Estudos coma este axudan a entendermos mellor calquera intervención sobre o código ortográfico e despeza algúns dos prexuízos que ás veces tan pouco axudan ó avance social do idioma.

X. ANTÓN LADO LAGO